

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 17 de decembro de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 17 de decembro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 11/10, do 26 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 22.300 á nº 24.499, de 2010.

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

3.-Convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para financiar o “Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural do concello no ano 2010”.

4.-Convenio de colaboración coa UIMP para financiar os “Cursos de verán de 2010”.

5.-Convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para financiar o “Mantemento e conservación dos centros de educación infantil e primaria do concello no ano 2010”.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

6.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello da Baña en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

7.- Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Camariñas en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

8.- Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello da Capela en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

9.- Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Coirós en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

10.- Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Malpica de Bergantiños en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

11.- Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de San Sadurniño en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

12.- Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Lousame en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

13.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do concello de Miño en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

14.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do concello de Santa Comba en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

15.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do concello de Vedra en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

16.- Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Malpica.

17.- Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Valdoviño.

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

18.-Aceptación da cesión de uso por parte do Concello de Boiro, dun local situado na casa do concello dese concello, para albergar a oficina técnica que se ocupe da xestión do Plan director do comercio 2010-2013.

19.-Aprobar a modificación da subvención nominativa ao Concello de Toques que inicialmente era para financiar a adquisición dos terreos de San Antolín polo novo obxecto que consiste na realización de obras en camiños municipais.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

20.-Aprobación definitiva da autorización da utilización da zona de servizos das parcelas 34 e 39 do Polígono de Sabón para o proxecto “Senda peonil na Av. Arsenio Iglesias”. Concello de Arteixo.

21.-Aprobar o proxecto reformado de terminación da mellora de seguridade viaria D.P. 3802 de Ordes á Pontecarreira P.Q. 0+560 ao P.Q. 2+140 Ordes.

22.-Aprobar o proxecto reformado de senda peonil DP 1004 Lanza a Boimorto P.Q. 4+620 ao P.Q. 5+670. Boimorto

23.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2010, 6ª fase integrado por 4 proxectos.

24.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011 integrado por 21 proxectos.

25.-Aprobar o proxecto reformado da seguridade viaria, beirarrúas e servizos na E.P. 6602 Fonte Díaz a Santa Irene entre o P.Q. 3,350 ao 3,950 (O Pino).

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

26.-Aprobar un convenio administrativo para financiar a construción dun edificio destinado ao Centro de Recursos Integrais de Apoio á Empresa CERSIA, promovido polo Concello de Santiago.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

27.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011.

28.- Ratificar a resolución da Presidencia do 13-12-2010 de aprobación da segunda modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2010, apartado de obras de investimento.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIONES
ROGOS E PREGUNTAS

DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Santos Maneiro.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e vinte minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/10, DO 26 DE NOVIEMBRE.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/10, do 26 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 22.300 Á Nº 24.499, DE 2010.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 22.300 á nº 24.499, de 2010.

3.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE ACTIVIDADES DOS CENTROS SOCIOCULTURALS DO ÁMBITO RURAL DO CONCELLO NO ANO 2010”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 140.000 €, concedida para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural do concello, cun orzamento subvencionado de 175.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural do concello no ano 2010*

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- No ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de apoio veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición e equipamento de locais para as asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do Concello de Santiago: AVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AVV “A Unión de Santa María de Vilvestro”, AVV de A Rocha “Serafín Zas” e AVV “Ruta Xacobeá”.

2.- O día 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de incorporalos á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004.

4.- Co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións que promovan a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e á vista da solicitude do Concello de Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación, acordou incluír no EMC 2/2010 unha subvención

nominativa, polo que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF:P1500079G) para financiar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural do concello no ano 2010*.

As acción incluídas nesta programación son as seguintes:

* *Asómate*.- É un programa que promove o achegamento aos centros socioculturais a través de actuacións puntuais (contacontos, maxia, música, monicreques, concertos, espectáculos teatrais) destinadas a un público familiar.

* *Obradoiros*.- Obradoiros e cursos para todos os públicos: achegamento ás novas tecnoloxías, ximnasia, danza, manualidades, pintura, risoterapia, renovación da mente...

* *Xogos*.- Cursos de xadrez, xogos populares, xornadas de construción de xoguetes e pequenas competicións.

* *Lectura*.- Actividades destinadas a promover a achega á literatura e aos hábitos lectores: premios literarios, clubs de lectura, servizo de prensa, intercambio e préstamo de libros, contacontos, presentacións de libros...

* *Actividades de encontro*.- Festas estacionais (Entroido, Maios, Nadal), bailes, seráns, xogos participativos, concursos e exposicións.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Asómate	100.000.-
Obradoiros	15.000.-
Xogos	5.000.-
Lectura	15.000.-
Actividades de encontro	15.000.-
Difusión (carteis, programas)	25.000.-
Total	175.000 €

Estes orzamentos correspóndense a gastos correntes: aluguer de infraestrutura técnica, contratación administrativa de servizos técnicos para a impartición e guía de actividades (monitoraxe, profesorado, artistas...). Montaxes, transportes, materias funxibles, edición e distribución de material informativos.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 140.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- Coa posibilidade prevista no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 60 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Santiago de Compostela pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

* Certificación do acordo ou acordos de contratación do persoal e da adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 40 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

4.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na

Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegas a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2010.

2.- Logo da solicitude do Concello de Santiago de Compostela realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UIMP PARA FINANCIAR OS “CURSOS DE VERÁN DE 2010”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa, por importe de 120.200 €, concedida para financiar os “Cursos de verán de 2010”, cun orzamento subvencionado de 185.337 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán de 2010*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actúa en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Salvador Ordóñez Delgado, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no Orzamento do ano 2010 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán de 2010* de acordo co seguinte programa:

Encontro: Cardiopatías, deporte e medios de comunicación
Alfonso Castro Beiras
A Coruña, do 8 ao 9 de xullo
Fundación Luis Seoane

Encontro: Prisciliano e o priscilianismo. Da condena á rehabilitación
Victorino Pérez Prieto
Ortigueira (A Coruña), do 13 ao 15 de xullo
Fundación Ortegalia

Encontro: Turismo de reunións: unha oportunidade para desenvolver
Francisco Candela Castrillo
Ferrol (A Coruña), do 14 ao 16 de xullo
Fundación Caixa Galicia

Seminario: Novos retos e aplicacións do magnetismo
José Rivas Rey
A Coruña, do 19 ao 23 de xullo
Fundación Caixa Galicia

Seminario: A mirada de Michelangelo Antonioni. Forma e poética dun cineasta da Modernidade
Alberto Ruíz de Samaniego
A Coruña, do 20 ao 23 de xullo
Fundación Luis Seoane

Encontro: Portos: sociedade, territorio e sostibilidade
José Manuel Álvarez-Campana Gallo
A Coruña, do 21 ao 23 de xullo
Centro Social Caixanova

Encontro: O protocolo, a organización de eventos e as relacións institucionais a debate.
O protocolo: unha profesión
Carlos Fuente Lafuente e Rafael Vidal Gómez de Travedo
Santiago de Compostela, do 9 ao 10 de setembro

Seminario: Sostibilidade e cambio climático. Avances de investigación en ciencias sociais
Ricardo García Mira
A Coruña, do 13 ao 16 de setembro
Fundación Caixa Galicia

Encontro: Réxime xurídico da igualdade
Domingo Bello Janeiro
A Coruña, do 27 ao 29 de setembro
Fundación Caixa Galicia

II.- Orzamento da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

As actividades realizáronse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos:

Honorarios de relatores	62.903,-
Viaxes de relatores	53.306,-
Aloxamento e manutención de relatores	27.528,-
Publicidade e difusión	25.000,-
Reprografía e material	4.500,-
Comunicación	8.500,-
Limpeza	3.600,-
Total	185.337,-

Ingresos:

Concello da Coruña	12.000,-
Ingresos previstos por matrículas	20.000,-
Ingresos	32.000,-

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.200 €, o que representa unha porcentaxe do 64,855 %.

No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,855% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/326A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o

orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizáronse entre os meses de xullo e setembro de 2010.

2.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá remitir a documentación xustificativa no prazo máximo de tres meses contado a partir da data de sinatura do presente convenio..

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada; e se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización presentación da documentación xustificativa implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2011 e terá efectos retroactivos, xa que se financian actividades xa realizadas entre os meses de xullo e setembro de 2010.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

5.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO NO ANO 2010”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder ao Concello de Santiago de Compostela unha subvención nominativa, por importe de 89.229,13 €, para financiar o mantemento ordinario dos centros educativos

de infantil e primaria, cun orzamento subvencionado de 89.229,13 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *mantemento e conservación dos centros de educación infantil e primaria do concello no ano 2010*.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde presidente do Concello de Santiago de Compostela, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Como complemento á súa política de fomento e apoio á actividade cultural na provincia, o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 31 de xullo de 2009, acordou conceder ao Concello de Santiago unha subvención nominativa de 90.000 € para financiar a posta en funcionamento da Ludoteca de Fontiñas.

Por resolución nº 27006, do 17 de decembro de 2009, foi aprobado o texto do correspondente convenio de colaboración, que foi formalizado o 22 de decembro de 2009, en documento administrativo nº 459/2009.

2.- O día 13 de agosto entrou no Rexistro Xeral un escrito da Concellería de Educación de Santiago de Compostela no que pon en coñecemento desta Deputación as dificultades xurdidas na posta en funcionamento do centro debido a atrasos nas obras de acondicionamento e de adecuación á nova normativa pola que se rexen estes establecementos, polo que solicita a modificación do obxecto da subvención, de xeito que se destine a financiar o *mantemento ordinario dos centros educativos de infantil e primaria*.

3.- Tendo en conta o anterior e á vista da solicitude do Concello de Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día --- acordou aprobar a

solicitud, así como o texto do presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela coas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF:P1500079G) para financiar o *mantemento e conservación dos centros de educación infantil e primaria do concello no ano 2010*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Santiago de Compostela

Os traballos de mantemento e conservación foron realizados polo Concello de Santiago de Compostela de acordo coa memoria redactada polo arquitecto Óscar Andrés Quintela , que ten o seguinte resumo:

* Mantemento e conservación do CEIP Casas Novoa-A Sionlla	9.502,36.-
* Mantemento e conservación do CEIP López Ferreiro	12.098,63.-
* Mantemento e conservación do CEIP Vite	10.801,45.-
* Mantemento e conservación da fontanería e calefacción en 20 centros	28.780,36.-
* Mantemento e conservación da electricidade en 6 centros	3.457,25.-
Total execución material	64.640,05.-
Gastos xerais 13%	8.403,21.-
Beneficio industrial 6%	3.878,40.-
IVE 16%	12.307,47.-
<i>Total presuposto de contrata</i>	<i>89.229,13 €</i>

Tendo en conta que os gastos foron realizados no primeiro semestre do ano, o IVE calcúlase ao 16%.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 89.229,13 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

No caso de que o gasto xustificando non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/321A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización dos traballos, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega de Deputación aboarase ao Concello de Santiago de Compostela, logo da presentación da seguinte documentación:

* Certificación do acordo ou acordos de adxudicación definitiva dos contratos necesarios para levar a cabo os traballos de mantemento e conservación, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos traballos realizados e dos resultados obtidos.

* Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- Os traballos que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula primeira, realizáronse ao longo do ano 2010.

2.- O Concello de Santiago de Compostela deberá remitir a documentación xustificativa no prazo máximo de tres meses contados a partir da data de sinatura do presente convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou,

no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2011 e terá efectos retroactivos, xa que se financian traballos xa realizados no ano 2010.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA BAÑA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello da Baña en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

7.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Camariñas en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no

1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

8.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA CAPELA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello da Capela en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

9.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE COIRÓS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Coirós en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

10.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Malpica de Bergantiños en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

11.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de San Sadurniño en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo *no Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

12.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE LOUSAME EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Lousame en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A duración desta delegación será a que se determinou no acordo do Pleno do Concello do 18 de marzo de 2008, é dicir, ata o 1 de xaneiro de 2022.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

13.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MIÑO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Miño en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

14.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SANTA COMBA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Santa Comba en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

15.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VEDRA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vedra en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

16.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE

MOTOR E SEGURIDADE VIARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE MALPICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Malpica de Bergantiños.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no *Diario Oficial de Galicia*, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

17.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Valdoviño.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no *Diario Oficial de Galicia*, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

18.-ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE USO POR PARTE DO CONCELLO DE BOIRO, DUN LOCAL SITUADO NA CASA DO CONCELLO DESE CONCELLO, PARA ALBERGAR A OFICINA TÉCNICA QUE SE OCUPE DA XESTIÓN DO PLAN DIRECTOR DO COMERCIO 2010-2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aceptar a cesión de uso do local mentres dure o citado plan.

2º.- Que todos os gastos derivados desta cesión de local por parte do Concello de Boiro correrán por conta da empresa ES POSIBLE COMUNICACIÓN, S.L., adxudicataria do devandito contrato, de acordo co disposto na cláusula 6 do prego.”

19.-APROBAR A MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE TOQUES QUE INICIALMENTE ERA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DOS TERREOS DE SAN ANTOLÍN POLO NOVO OBXECTO QUE CONSISTE NA REALIZACIÓN DE OBRAS EN CAMIÑOS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a modificación da subvención nominativa que inicialmente era para financiar a adquisición dos terreos de San Antolín polo novo obxecto que consiste na realización de obras en camiños municipais:

TÍTULO	ORZAMENTO
DEMOLICIÓN LOUSA DE FORMIGÓN	20.213,97
PAVIMENTACION EN FOXO DO CABRITO E OUTROS	36.738,37
ABASTECIMIENTO DE AUGA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA	13.744,81
PAVIMENTACION CAMIÑO NO CASTELO (PARADELA) E OUTROS	79.302,86
TOTAL.....	150.000,01

2º.- Aprobar o texto do convenio co Concello de Toques para financiar a realización de obras en camiños municipais:

TÍTULO	ORZAMENTO
DEMOLICIÓN LOUSA DE FORMIGÓN	20.213,97
PAVIMENTACIÓN EN FOXO DO CABRITO E OUTROS	36.738,37
ABASTECIMIENTO DE AUGA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA	13.744,81
PAVIMENTACIÓN CAMINO NO CASTELO (PARADELA) E OUTROS	79.302,86
TOTAL.....	150.000,01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DAS OBRAS DE “DEMOLICIÓN DE LOUSA DE FORMIGÓN”, “PAVIMENTACION NO FOXO DO CABRITO E OUTROS”, “ABASTECIMIENTO DE AGUA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA” E “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO NO CASTELO (PARADELA) E OUTROS”

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. JORGE FRANCISCO CALVO PESTONIT alcalde-presidente do Concello de Toques

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Toques ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques, con CIF P-1508400G, para o financiamento da “DEMOLICIÓN DE LOUSA DE FORMIGÓN”, “PAVIMENTACIÓN NO FOXO DO CABRITO E OUTROS”, “ABASTECIMENTO DE AUGA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA” E “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO NO CASTELO (PARADELA) E OUTROS” tal como aparece definida esta nos proxectos (básico ou de execución), redactados por Don F. Javier Salorio Álvarez (arquitecto técnico), da empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., e Julio Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños.

O CONCELLO DE TOQUES, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

(Presuposto da contrata dos 4 proxectos, 150.000 euros)

	DEMOLICIÓN LOUSA DE FORMIGÓN	PAVIMENTACIÓN NO FOXO DO CABRITO E OUTROS	ABASTECIMENTO DE AGUA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO NO CASTELO (PARADELA) E OUTROS
P.E.M	14.395,36	26.163,2	9.788,35	56.475,47
GASTOS XERAIS, 13%	1.871,4	3.401,22	1.272,49.3	41,81
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	863,72	1.569,79	587,3	3.388,53

IVE 18%	3.083,49	5.604,16	2.096,67	12.097,05
PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	20.213,97	36.738,37	13.744,81	79.302,86
REDONDEO	0,00	0,00	-0,01	0,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 134.145 euros o que representa unha porcentaxe do 89,43% %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 89,43%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Toques obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE TOQUES o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE TOQUES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE TOQUES estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56^a das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE TOQUES pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas e concedidas para a mesma finalidade.

O CONCELLO DE TOQUES estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar unha fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas e concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE TOQUES, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE TOQUES na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE TOQUES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE TOQUES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Toques para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE TOQUES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE TOQUES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE TOQUES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE TOQUES poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE TOQUES queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a

sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE TOQUES serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE TOQUES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 10 de novembro de 2011.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE TOQUES, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE TOQUES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE TOQUES

Salvador Fernández Moreda

Jorge Francisco Calvo Pestonit

20.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA AUTORIZACIÓN DA UTILIZACIÓN DA ZONA DE SERVIZOS DAS PARCELAS 34 E 39 DO POLÍGONO DE SABÓN PARA O PROXECTO “SENDA PEONIL NA AV. ARSENIO IGLESIAS”. CONCELLO DE ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“a) Aprobar definitivamente o expediente de modificación do convenio número 267/1998, do 9 de decembro, para a instalación dun campo de fútbol dentro do Plan 2000 deportes anualidades 1998-2001, para autorizar a súa utilización na construción da senda peonil na avenida Arsenio Iglesias xa que non se presentaron alegacións no período de información pública aberto para o efecto

b) Autorizar a utilización da zona de servizos das parcelas 34, 35, 36, 37, 38 e 39 do Polígono Industrial de Sabón

c) Condicionar a dita autorización ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a. A autorización tan só é válida para as obras que se han realizar no vial 2 (avenida de Arsenio Iglesias) da EP 0509, rede viaria do Polígono Industrial de

Sabón, entre os puntos quilométricos en que están situadas as parcelas afectadas.

- b. Será obriga do Concello de Arteixo sinalizar de forma adecuada o tramo de execución das obras, cos correspondentes sinais de perigo e redución de velocidade, así como con aquelas outras que polo tipo de obras e o risco que estas poidan supor para o tráfico rodado e para os peóns sexan necesarias.
- c. No caso de que sexa necesaria a ocupación da calzada o Concello de Arteixo sinalizará adecuadamente a dita ocupación cunha antelación mínima de 300 metros coa finalidade de evitar accidentes.
- d. Durante o tempo que dure a ocupación da calzada o Concello de Arteixo terá a unha ou dúas persoas, en función do tramo ocupado, dedicadas a regular a circulación de vehículos pola estrada.
- e. No caso de que sexa necesario o corte da calzada o Concello de Arteixo está obrigado a sinalizar coa antelación suficiente os trazados alternativos.
- f. O Concello de Arteixo adoptará todas as medidas necesarias para manter o estado de vialidade actual da estrada durante o período de tempo que dure a realización das obras.
- g. Igualmente, o Concello de Arteixo sinalizará adecuadamente os movementos dos camións necesarios para a execución das obras co fin de evitar posibles accidentes.
- h. Será obriga do Concello de Arteixo emendar todos os danos que puidesen producirse coas obras.
- i. De conformidade co disposto no artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), no caso de que o Concello de Arteixo non cumprise a dita obriga procederase á execución subsidiaria de tales obras con cargo á fianza constituída, reclamándose as cantidades que excedan da contía da devandita fianza por vía executiva.
- j. De igual forma, será obriga do Concello de Arteixo indemnizar calquera dano (físico, moral ou material) que se produza nos bens e dereitos de terceiros como consecuencia ben da realización dos transportes que se autorizan, ben do mal estado da estrada durante os devanditos transportes ou posteriormente á data da súa finalización ata que non se realicen os traballos de reparación necesarios para devolver a estrada ao seu estado actual, podendo esta Corporación esixir o seu aboamento pola vía de constrinximento segundo o disposto no artigo 97 da LRXPAC.
- k. Tamén será obriga do Concello de Arteixo comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras desta Deputación provincial as datas de inicio e finalización das obras.
- l. A concesión desta autorización non exime ao Concello de Arteixo da obriga de tramitar cantas autorizacións e licenzas sexan necesarias para a execución das obras, incluíndo a de circulación con vehículos de gran tonelaxe e transportes especiais.
- m. No caso de que sexa necesario realizar algunha reparación nas tubaxes que discorren pola zona de servizos que se pretende asfaltar os gastos de reparación e demolición serán por conta do Concello de Arteixo.

- n. No caso de que sexa necesario realizar algunha reparación o Concello de Arteixo terá que levantar o asfalto no prazo máximo de 24 horas desde que sexan requiridos para iso polo persoal desta Deputación.
 - o. O incumprimento de calquera das condicións anteriores dará lugar ás responsabilidades que en dereito procedan
 - p. No punto 2.2 SERVICIOS AFECTADOS E EXISTENTES, do documento MEMORIA, e punto 3.5 ILUMINACIÓN, onde fai referencia ás liñas aéreas de M.T., indicar que deben instalarse as conexións independentemente das existentes.
 - q. No punto 3.3 PAVIMENTOS, do documento MEMORIA, onde se detallan os tipos de tratamentos, sinalar que deben ser demolidos e repostos no caso de avarías nas zonas de afección polo solicitante.
 - r. No punto 3.4 XARDINERÍA, do documento MEMORIA, onde consta a instalación dunha rega automática, incidir na necesidade da instalación á rede de abastecemento allea a este Servizo.
 - s. No punto 3.6. RECOLLIDA DE PLUVIAIS, do documento MEMORIA, rubricase a instalación detallada.
 - t. No plano número 5- Sección do Paseo, obsérvase no terreo entre o bordo da beirarrúa e a gabia, un noiro cunha pendente de 30°, segundo as cotas sinaladas no plano. No momento de realizar a obra, este Servizo fará as indicacións pertinentes no tocante ao noiro, co fin de non crear ningún impacto visual e técnico nas instalacións enterradas existentes.
 - u. A beirarrúa do plano número 5, terá un ancho mínimo de 1,80 metros segundo as disposicións da Xunta nesta materia
- e) Facultar ao presidente desta Corporación para a execución do presente acordo.”

21.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE TERMINACIÓN DA MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA D.P. 3802 DE ORDES A PONTE CARREIRA PQ 0+560 AO PQ 2+140 ORDES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º).- Aprobar o proxecto reformado de terminación de Mellora da seguridade viaria D.P. 3802 de Ordes a Ponte Carreira pq 0+560 ao pq 2+140 Ordes (Código do proxecto reformado 0911100007.1) polo seu orzamento de contrata de 354.564,20.- euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 51.928,10 euros (IVE 16%) e de 52823,41 euros (IVE 18%).

2º).- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.* (B15289614), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 247.819,72 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 36.294,72 euros (IVE 16%) e de 36920,49 euros (IVE 18%)

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.564,43 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 10.681,89 euros.”

22.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE SENDA PEONIL DP 1004 LANZÁ A BOIMORTO PQ 4+620 AO PQ 5+670. BOIMORTO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o proxecto reformado de senda peonil DP 1004 Lanzá a Boimorto pq 4+620 ao pq 5+670 Boimorto (Código do proxecto reformado 091170004.1) polo seu orzamento de contrata de 216.536,17 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 35.530,95 euros (IVE 16%) e de 36143,55 euros (IVE 18%)

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L.* (B15338338) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 134.252,38 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 22.029,18 euros (IVE 16%) e de 22408,99 euros (IVE 18%)

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 949,53 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 5.786,74 euros.”

23.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010, 6ª FASE INTEGRADO POR 4 PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de sendas peonís 2010, 6ª fase cun orzamento total de 1.000.650,25 .- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0202/454B/650 e que son os que se detallan:

DENOMINACIÓN	CÓDIGO	ORZAMENTO
SENDA PEONIL NA MARXE ESQDA. DA ESTRADA EP 1913 ENTRE O PQ 9+048 E O PQ 9+953 (A Laracha)	10.1170.0007.0	238.331,83
ACTUALIZADO DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS SENDA PEONIL , (SANTIAGO)	10.1170.0008.0	469.751,89
SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 3606 COBAS A SAN XURXO PQ 0+890 A 3+890 (FERROL)	10.1170.0009.0	108.943,12
SENDA PEONIL EN DP 8401 PQ 5+400 A PQ 6+000	10.1170.0010.0	183.623,41
TOTAL.....		1.000.650,25

3) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

24.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 INTEGRADO POR 21 PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011 cun orzamento total de 5.604.977,32.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/61900 e que son os que se detallan:

CÓDIGO	Titulo	Presupuesto de Licitación
11,1100,0001,0	G 1A-2.- ORTIGUEIRA MAÑÓN Y AS PONTES	431.732,16
11,1100,0002,0	G 1B-3-5.- CARIÑO CEDEIRA CERDIDO VALDOVIÑO MOECHE SAN SADURNIÑO Y AS SOMOZAS	364.613,42
11,1100,0003,0	G 4-6.- FERROL NARON ARES FENE MUGARDOS Y NEDA G7-8 CABANAS PONTEDEUME MIÑO IRIXOA MONFERO	268.823,41
11,1100,0004,0	PADERNE Y VILARMAIOR	333.296,69
11,1100,0005,0	G 9.- OLEIROS Y SADA	290.808,40
11,1100,0006,0	G 10.- CAMBRE Y CARRAL	437.396,03
11,1100,0007,0	G 11-12.- ABEGONDO BERGONDO BETANZOS ARANGA CESURAS COIROS CURTIS Y OZA	219.949,85
11,1100,0008,0	G 13-14-15.- BOIMORTO FRADES MESIA ORDES OROSO VILASANTAR MELIDE SANTISO Y TOQUES	454.032,12
11,1100,0009,0	G 16.- ARTEIXO A CORUÑA CULLEREDO	345.086,99
11,1100,0010,0	G 17.- CARBALLO CERCEDA LARACHA	351.415,75
11,1100,0011,0	G 18.- CABANA CORISTANCO MALPICA PONTECESO Y ZAS	242.600,98
11,1100,0012,0	G 19.- CAMARIÑAS LAXE Y VIMIANZO	64.152,07
11,1100,0013,0	G 20.- CEE CORCUBION DUMBRIA Y MAZARICOS	94.097,70
11,1100,0014,0	G 21-22.- AMES A BAÑA NEGREIRA ORDES SANTIAGO TORDOIA TRAZO Y VAL DO DUBRA	350.314,73
11,1100,0015,0	G 23.- MAZARICOS MUROS Y OUTES	162.406,41
11,1100,0016,0	G 24.- BOIRO LOUSAME Y NOIA	170.960,24
11,1100,0017,0	G 25-26 BRION DODRO ROIS AMES SANTIAGO TEO Y VEDRA	351.094,91
11,1100,0018,0	G 27.- BOIRO Y RIANXO	261.409,33
11,1100,0019,0	G 28.- POBRA PORTO DO SON Y RIBEIRA	217.719,36
11,1100,0020,0	G 35.- DP2904 CORISTANCO A SANTA COMBA	86.270,01
11,1100,0021,0	G 36.- DP3404 DE SIERRA DE OUTES A DUMBRIA	106.796,76
	SUMA	5.604.977,32

De conformidade co disposto no art. 94.2 da Lei de contratos do sector público a adxudicación quedará condicionada á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

3) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

25.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA SEGURIDADE VIARIA, BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA EP 6602 FONTE DÍAZ A SANTA IRENE ENTRE O PQ 3,350 AO 3,950 (O Pino).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o proxecto reformado de seguridade viaria beirarrúas e servizos na EP 6602 Fonte Díaz a Santa Irene entre o pq 2,350 ao 3,950 (O Pino) (Código do proxecto reformado 07.1130.003.1) polo seu orzamento de contrata de 806.872,73 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 130.575,07 euros (IVE 16%) e de 132826,36 euros (IVE 18%)

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* (B15009533) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 618.012,01 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 100.012,01 euros (IVE 16%) e de 101736,36 euros (IVE 18%)

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.000,48 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 24.720,48 euros.”

26.-APROBAR UN CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO AO CENTRO DE RECURSOS INTEGRAIS DE APOIO Á EMPRESA CERSIA, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE SANTIAGO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto básico de construción do edificio destinado a Centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa CERSIA, promovido polo concello de Santiago de Compostela.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a 200.000 € que poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio e con cargo á partida orzamentaria 0305/414B /762.01

3.- Facultar ao presidente para a sinatura do presente convenio, co seguinte teor literal:

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. Xosé Sánchez Bugallo, como alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co desenvolvemento económico da provincia.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e mellora do desenvolvemento empresarial dos axentes económicos e sociais da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela con CIF P 1507900 G, para o financiamento da obra do Edificio CERSIA .”, tal como aparece definida no proxecto (básico modificado), redactado polo arquitecto D. ALFREDO VARELA NOGUEIRA , colexiado/a nº 2.140 do COAG.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

O importe total do proxecto ascende a 1.247.571,06 € (16 % IVE), e o importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro:

Financiamento da construción do edificio CERSIA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
	0305/414B/762.01	200.000,00
Coeficientes		16,03115

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 200.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 16,03115 %. No caso de que a gasto xustificicado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 16,03115%, da cantidade efectivamente xustificada.
2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. Da mesma forma procederase coa placa.

Procederase ao aboamento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da subvención concedida de 200.000,00 €; logo de que:

Se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2006 e conservará a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2011.
2. Despois da solicitude do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.
3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda”

27.-APROBAR A 3ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008, modificadas mediante acordo plenario do 25 do xuño de 2010 e publicadas no BOP nº121 do 29 do xuño de 2010

1.- Aprobar a 3ª fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no anexo I a este acordo.

Nº de obras	4
Nº de concellos	3

FINANCIAMENTO 3ª FASE ANUALIDADE 2010 PCC	
	18% IVE
Achega municipal	114.479,65
Achega deputación	909.225,73
Total	1.023.705,38

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/459D/76201 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2010.

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan, pero ampliando o prazo para o contratación das obras ata o 30 de xuño de 2011.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo do 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011
3ª fase da anualidade 2010**

Anexo 1: Obras da 3ª fase anualidade 2010 do Plan de cooperación provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO CALCULADO CO 18% IVE		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
BOIMORTO	10. 3300. 0183. 0	SANEAMENTO EN ROMELAS (PARROQUIA MERCURÍN)	77.965,74	23.805,84	101.771,58
MUROS	10. 3300. 0184. 0	MELLORA INFR. HIDRÁULICAS OUTEIRIÑOS	277.435,23	30.270,56	307.705,79
	10. 3300. 0185. 0	MELLORA INFR. HIDRÁULICAS EN SERRES	283.526,56	30.934,65	314.461,21
NEDA	10. 3300. 0186. 0	SAN. VILA DE ANCA, CHAO DA ALDEA E OUTROS	270.298,20	29.468,60	299.766,80
TOTAL			909.225,73	114.479,65	1.023.705,38
NÚMERO DE OBRAS			4		
NÚMERO DE CONCELLOS				3	

28.- RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO 13-12-2010 DE APROBACIÓN DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010, APARTADO DE OBRAS DE INVESTIMENTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos e instrucións verbais recibidas do Ministerio de Política Territorial (MPT) en relación coa modificación da distribución interna do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, aprobada mediante acordo plenario do 29 de outubro de 2010, que modificaba o Plan inicialmente aprobado mediante acordo plenario desta Deputación do 27 de febreiro de 2010, en relación coa Resolución de Presidencia nº 11778 do 7 de xuño de 2010 que recalculaba os orzamentos das obras pola incidencia da elevación do IVE do 16% ao 18%, estando cofinanciado o plan polo MPT, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e concello.

Considerando que no Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, prevese a posibilidade de que a subvención do MPT alcance ata o 40% ou 50% do orzamento de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Tendo en conta que nas obras nº 64 do Concello de Cesuras e 243 de Vilasantar se aplicaba na modificación de outubro de 2010 unha subvención estatal superior ao 50% do orzamento calculado co 16% de IVE, aínda que igual ou inferior ao 50% se se aplica sobre o orzamento calculado co 18% de IVE.

E tendo en conta que na obra nº 3 do Concello de Ames é posible incrementar a achega do MPT sen que isto exceda das porcentaxes máximas establecidas.

1.- Aprobar a segunda modificación da distribución interna do financiamento do POS 2010, aprobado por acordo plenario do 27 de febreiro de 2010, en relación coa Resolución de Presidencia nº 11778 do 7 de xuño de 2010 pola elevación do tipo impositivo do IVE do 16% ao 18% e modificado mediante acordo plenario do 29 de outubro de 2010, no sentido seguinte:

- Nas obras números 64 do Concello de Cesuras e 243 do Concello de Vilasantar minórase a subvención do MPT aprobada en outubro de 2010, de maneira que se axuste ao máximo posible do 50% do orzamento calculado co 16% de IVE e increméntase na mesma medida a achega da Deputación con cargo a fondos propios.

Concello: Cesuras			
Denominación: Pavimentación camiños en Bragade e Mandaio			
Código: 10.2100.0064.0	Financiamento 1ª modificación outubro 2010 (Con 18% IVE)	Financiamento 2ª modificación decembro 2010 (Co 18% IVE)	Diferenza
Estado	46.513,13	45.724,77	-788,36
Deputación préstamo	34.936,09	34.936,09	0,00
Deputación fondos propios	7.004,56	7.792,92	788,36
Concello	4.572,48	4.572,48	0,00
TOTAL	93.026,26	93.026,26	-0,00

Concello: Vilasantar	
Denominación: Ens.mel.camiños Armental,Vilariño,Mezonzo, O Seixo	

Código: 10.2100.0243.0	Financiamento 1ª modificación outubro 2010 (Co 18% IVE)	Financiamento 2ª modificación decembro 2010 (Co 18% IVE)	Diferenza
Estado	50.251,54	49.880,07	-371,47
Deputación préstamo	38.110,56	38.110,56	0,00
Deputación fondos propios	8.129,05	8.500,52	371,47
Concello	4.989,00	4.989,00	0,00
TOTAL	101.480,15	101.480,15	-0,00

- Na obra número 3 do Concello de Ames, increméntase a subvención do MPT inicialmente aprobada no Pleno de febreiro de 2010 na contía total de 1.159,83 € e minórase na mesma medida a subvención de Deputación fondos propios.

Concello: Ames			
Denominación: Pavimentación interior en Lapido			
Código: 10.2100.0003.0	Financiamento 1ª aprobación febreiro 2010 (co 18% de IVE)	Financiamento 2ª modificación decembro 2010 (co 18% de IVE)	Diferenza
Estado	17.480,84	18.640,67	1.159,83
Deputación préstamo	35.074,38	35.074,38	0,00
Deputación fondos propios	36.264,04	35.104,21	-1.159,83
Concello	5.480,51	5.480,51	0,00
TOTAL	94.299,77	94.299,77	0,00

2.-Disponer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

5.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

INTERVENCIONES

Sr. presidente

Hai unha moción, unha moción que imos presentar con carácter de urxencia ao Pleno, que foi o que motivou a demora no inicio desta reunión, unha moción que xa coñecen os portavoces dos grupos representados, falouse con eles, díxoselles cal era o contido, cal era a razón desta modificación, xa teñen no seu poder o texto da moción, e eu paso brevemente a explicarlles en que consiste.

Como vostedes saben, este ano incrementouse o IVE do 16 ao 18% e víronse afectadas as obras do Plan de obras e servizos que non estaban certificadas antes da entrada en vigor desta modificación do IVE. A Deputación, no seu afán de colaborar cos concellos e evitar custos aos concellos, fíxose cargo do incremento do IVE. Segundo a normativa que rexe o desenvolvemento do Plan de obras e servizos, a achega que teñen que facer os concellos ao financiamento das súas obras é, como mínimo, dun 5%, hai concellos que só achegan o 5%. Desde o momento en que se incrementa o orzamento porque sobe o IVE do 16 ao 18%, ese 5% redúcese a un 4 noventa e moito por cento. A Intervención do Ministerio de Política Territorial dixo que non acepta isto, que non se cumpre o requisito, que ten que ser o 5% de achega municipal, entón a moción consiste en redistribuír o financiamento de tal forma que modificamos o financiamento sen afectar á achega que fan os concellos, isto afecta a 31 obras e afecta a 464.814 euros de achega estatal, e con isto salvamos a obxección que nos pon e os concellos non teñen que achegar nada, faise unha redistribución.

Por unanimidade, declárase a urxencia, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN AO PLENO

Por razóns de urxencia, para cumprir os prazos establecidos polo Ministerio de Política Territorial, na xestión do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, propónselle ao Pleno corporativo que, despois de declaración de urxencia, e de conformidade coas normas de aplicación, adopte o seguinte acordo:

“Proposta de aprobación da terceira modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2010, apartado obras de investimento”

Visto o escrito recibido do Ministerio de Política Territorial (MPT) relativo á fiscalización das obras incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, aprobado mediante acordo plenario do 26 de febreiro de 2010, modificado mediante Resolución da Presidencia nº 11778 do 7 de xuño de 2010 (pola elevación do IVE do 16% ao 18%), modificado mediante acordo plenario do 29 de outubro de 2010, e novamente modificado mediante Resolución da Presidencia nº 25487 do 13 de decembro de 2010.

Tendo en conta que no citado escrito se indica que a distribución do financiamento das obras debe ser revisada para que se cumpra o requisito de que o concello realice unha achega municipal mínima obrigatoria do 5% do orzamento do proxecto.

Tendo en conta que esta situación é debida a que a Deputación elevou os orzamentos dos proxectos para calculalos co 18% de IVE e iso motivou que os concellos que achegaban xusto o 5% sobre o orzamento calculado co 16% de IVE, non cumpran este requisito sobre o orzamento calculado co 18% de IVE.

Vistos os informes que constan no expediente, co fin de cumprir cos prazos de xestión requiridos polo Ministerio para confirmar o financiamento do Estado ao POS 2010

1.- Aprobar a terceira modificación da distribución interna do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, aprobado por acordo plenario do 27 de febreiro de 2010, en relación coa Resolución da Presidencia nº 11778, do 7 de xuño de 2010, pola elevación do tipo impositivo do IVE do 16% ao 18%, que foi modificado mediante acordo plenario do 29 de outubro de 2010, e modificado novamente mediante Resolución de Presidencia nº 25487 do 13 de decembro de 2010, no sentido seguinte:

- Por unha banda elimínase a subvención do Estado das 31 obras afectadas polo informe negativo do Ministerio, incrementando na mesma medida a achega da Deputación con cargo a fondos propios. Desta maneira, o financiamento destas obras queda como se indica a seguir.

Os datos de financiamento inicial destas 31 obras eran os seguintes:

Ayuntamiento	Código de obra	Denominación	IMPORTES CON IVA AL 18%				TOTAL	
			ESTADO	DÍP.PRESTAM.	FONDOS	AYUNTAMIENTO		
ARANGA	10. 2100. 0007. 0.	Pavimentación calles parroquia de Cambas	10.772,61	21.614,68	22.338,36	2.828,96	57.554,61	
	10. 2100. 0008. 0.	Pavimentación calles en Muniferral y Villarraso	11.029,65	22.130,41	22.871,34	2.896,45	58.927,85	
	10. 2100. 0009. 0.	Pavimentación calles en Feas y Fervenzas	9.772,59	19.608,19	20.264,69	2.566,34	52.211,81	
	10. 2100. 0010. 0.	Pavimentación calles parroquia de Aranga	10.264,43	20.595,04	21.284,58	2.695,50	54.839,55	
CAMARIÑAS	10. 2100. 0043. 0.	Pav.y saneamiento en Bico do Campo (Camelle)	20.347,74	40.826,66	42.193,56	5.343,44	108.711,40	
CARRAL	10. 2100. 0054. 0.	Asf. caminos prrq. Tabeaio,S.Vicente Vigo,Cañás	19.722,40	39.571,94	40.896,83	5.179,22	105.370,39	
CESURAS	10. 2100. 0063. 0.	Pav. caminos Carrés,Cutián,Dordaño y Probaos	10.365,56	20.797,95	21.494,28	2.722,07	55.379,86	
	10. 2100. 0064. 0.	Pavimentación caminos en Bragade y Mandaio	46.513,13	34.936,09	7.004,56	4.572,48	93.026,26	
CORCUBION	10. 2100. 0068. 0.	Conservación cubierta en la Capilla del Pilar	7.393,76	14.835,18	15.331,87	1.941,65	39.502,46	
CORISTANCO	10. 2100. 0069. 0.	Mej.camino Traba.Erbebedo,Oca,Valencia,Agualada	18.828,45	37.778,29	39.043,12	4.944,47	100.594,33	
	10. 2100. 0070. 0.	Deposito agua en Seavia,punto limpio y o.	13.637,86	27.363,64	28.279,80	3.581,39	72.862,69	
LAXE	10. 2100. 0102. 0.	Interv. calle Besugueira,Panadeiras, A.Brañas y o.	8.552,70	17.160,54	17.735,08	2.245,99	45.694,31	
	10. 2100. 0103. 0.	Afirmado camino piscina a Lourido en Laxe	6.581,21	13.204,86	13.646,99	1.729,24	35.162,30	
MELIDE	10. 2100. 0117. 0.	Alumbrado pub.Avda.Toques y Ronda Pontevedra	15.061,59	30.220,29	31.232,08	3.955,27	80.469,23	
	10. 2100. 0118. 0.	Mejora calles. Lino Sexto,Buenos Aires,Roca y o.	13.350,35	26.786,78	27.683,62	3.505,89	71.326,64	
NEDA	10. 2100. 0145. 0.	San. y aglom. Casadelos,Puntal Arriba,Abaixo y o.	14.298,98	28.690,14	29.650,71	3.755,00	76.394,83	
ORTIGUEIRA	10. 2100. 0161. 0.	Aglomerado prrq. Devesos, S.Claudio y Luia	15.570,11	31.240,60	32.286,57	4.088,81	83.186,09	
	10. 2100. 0162. 0.	Acond. pistas San Claudio, Luama, Espasante y o.	13.553,72	27.194,83	28.105,33	3.559,29	72.413,17	
	10. 2100. 0163. 0.	Acond.espacio púb.centro médico-social Mera y o.	5.814,12	11.665,73	12.056,32	1.526,83	31.063,00	
PADERNE	10. 2100. 0171. 0.	Pavimentación y pluviales en prrq. de Souto	17.014,96	34.139,62	35.282,86	4.480,77	90.918,21	
	10. 2100. 0172. 0.	Mejora pavimentación prrqs. de Vías y Velouzas	11.111,34	22.294,31	23.040,87	2.926,10	59.372,62	
POBRA DO C.	10. 2100. 0181. 0.	Pav. y renovación alumbrado en A Garita y otros	7.796,52	15.643,31	16.167,06	2.047,42	41.654,31	
	10. 2100. 0182. 0.	Pav. y san. Caminó Real y pav. en Portocarro y o.	12.920,09	25.923,47	26.791,41	3.392,89	69.027,86	
PORTO DO SON	10. 2100. 0191. 0.	Alumbrado Cubelo-Insuas (Baroña)	16.564,73	33.236,25	34.349,02	4.350,00	88.500,00	
SANTISO	10. 2100. 0215. 0.	Pavimentación en Visantoña	10.428,95	20.925,13	21.625,72	2.738,71	55.718,51	
SOBRADO	10. 2100. 0218. 0.	Pavimentación en Brixaría,Dombrete y Casal	14.028,92	28.148,29	29.090,71	3.684,09	74.952,01	
TRAZO	10. 2100. 0233. 0.	Afirmado caminos en Aguasantas y A Baixa	17.209,91	34.530,78	35.686,90	4.519,43	91.947,02	
	10. 2100. 0234. 0.	Acond. camino de carretera Chaian-Barral-Iglesia	11.595,93	23.266,62	24.045,60	3.045,16	61.953,31	
VAL DO DUBRA	10. 2100. 0238. 0.	Camino de Picaraña a ctra. Portomeiro y otros	12.070,55	24.218,92	25.029,80	3.169,80	64.489,07	
	10. 2100. 0239. 0.	Camino de Maxais al Tarambollo (Couceiro) y o.	12.389,70	24.859,27	25.691,57	3.253,61	66.194,15	
VILASANTAR	10. 2100. 0243. 0.	Ens.mej.camino Armental,Vilariño,Mezozzo,Seixo	50.251,54	38.110,56	8.129,05	4.989,00	101.480,15	
			464.814,10					
							TOTAL AYUNTAMIENTOS	17
							TOTAL OBRAS	31

□ Unha vez eliminada a subvención estatal e incrementada a achega da Deputación con cargo a fondos propios no importe de 464.814,10 €, o financiamento modificado destas 31 obras queda como segue:

Ayuntamiento	Código de obra	Denominación	ESTADO	IMPORTES CON IVA AL 18%			
				DIP.PRESTAMO	DIP. FONDOS P.	AYUNTAMIENTO	TOTAL
ARANGA	10. 2100. 0007. 0.	Pavimentación calles parroquia de Cambas	0,00	21.614,68	33.110,97	2.828,96	57.554,61
	10. 2100. 0008. 0.	Pavimentación calles en Muniferral y Villarraso	0,00	22.130,41	33.900,99	2.896,45	58.927,85
	10. 2100. 0009. 0.	Pavimentación calles en Feas y Fervenzas	0,00	19.608,19	30.037,28	2.566,34	52.211,81
	10. 2100. 0010. 0.	Pavimentación calles parroquia de Aranga	0,00	20.595,04	31.549,01	2.695,50	54.839,55
CAMARIÑAS	10. 2100. 0043. 0.	Pav. y saneamiento en Bico do Campo (Camelle)	0,00	40.826,66	62.541,30	5.343,44	108.711,40
CARRAL	10. 2100. 0054. 0.	Asf. caminos prrq. Tabeaio,S.Vicente Vigo, Cañás	0,00	39.571,94	60.619,23	5.179,22	105.370,39
CESURAS	10. 2100. 0063. 0.	Pav. caminos Carrés,Cutián,Dordaño y Probaos	0,00	20.797,95	31.859,84	2.722,07	55.379,86
	10. 2100. 0064. 0.	Pavimentación caminos en Bragade y Mandaio	0,00	34.936,09	53.517,69	4.572,48	93.026,26
CORCUBION	10. 2100. 0068. 0.	Conservación cubierta en la Capilla del Pilar	0,00	14.835,18	22.725,63	1.941,65	39.502,46
CORISTANCO	10. 2100. 0069. 0.	Mej.caminos Traba.Erbebedo,Oca,Valencia,Aqualada	0,00	37.778,29	57.871,57	4.944,47	100.594,33
	10. 2100. 0070. 0.	Deposito agua en Seavia,punto limpio y o.	0,00	27.363,64	41.917,66	3.581,39	72.862,69
LAXE	10. 2100. 0102. 0.	Interv. calle Besugueira,Panadeiras, A.Brañas y o.	0,00	17.160,54	26.287,78	2.245,99	45.694,31
	10. 2100. 0103. 0.	Afirmado camino piscina a Lourido en Laxe	0,00	13.204,86	20.228,20	1.729,24	35.162,30
MELIDE	10. 2100. 0117. 0.	Alumbrado pub.Avda.Toques y Ronda Pontevedra	0,00	30.220,29	46.293,67	3.955,27	80.469,23
	10. 2100. 0118. 0.	Mejora calles. Lino Sexto,Buenos Aires,Roca y o.	0,00	26.786,78	41.033,97	3.505,89	71.326,64
NEDA	10. 2100. 0145. 0.	San. y aglom. Casadelos,Puntal Arriba,Abaixo y o.	0,00	28.690,14	43.949,69	3.755,00	76.394,83
ORTIGUEIRA	10. 2100. 0161. 0.	Agglomerado prrq. Devesos, S.Claudio y Luia	0,00	31.240,60	47.856,68	4.088,81	83.186,09
	10. 2100. 0162. 0.	Acond. pistas San Claudio, Luama, Espasante y o.	0,00	27.194,83	41.659,05	3.559,29	72.413,17
	10. 2100. 0163. 0.	Acond.espacio púb.centro médico-social Mera y o.	0,00	11.665,73	17.870,44	1.526,83	31.063,00
PADERNE	10. 2100. 0171. 0.	Pavimentación y pluviales en prrq. de Souto	0,00	34.139,62	52.297,82	4.480,77	90.918,21
	10. 2100. 0172. 0.	Mejora pavimentación prrqs. de Vias y Velouzas	0,00	22.294,31	34.152,21	2.926,10	59.372,62
POBRA DO C.	10. 2100. 0181. 0.	Pav. y renovación alumbrado en A Garita y otros	0,00	15.643,31	23.963,58	2.047,42	41.654,31
	10. 2100. 0182. 0.	Pav. y san. Caminó Real y pav. en Portocarro y o.	0,00	25.923,47	39.711,50	3.392,89	69.027,86
PORTO DO SON	10. 2100. 0191. 0.	Alumbrado Cubelo-Insuas (Baroña)	0,00	33.236,25	50.913,75	4.350,00	88.500,00
SANTISO	10. 2100. 0215. 0.	Pavimentación en Visantoña	0,00	20.925,13	32.054,67	2.738,71	55.718,51
SOBRADO	10. 2100. 0218. 0.	Pavimentación en Brixaría,Dombrete y Casal	0,00	28.148,29	43.119,63	3.684,09	74.952,01
TRAZO	10. 2100. 0233. 0.	Afirmado caminos en Aguasantas y A Baixa	0,00	34.530,78	52.896,81	4.519,43	91.947,02
	10. 2100. 0234. 0.	Acond. camino de carretera Chaian-Barral-Iglesia	0,00	23.266,62	35.641,53	3.045,16	61.953,31
VAL DO DUBRA	10. 2100. 0238. 0.	Camino de Picaraña a ctra. Portomeiro y otros	0,00	24.218,92	37.100,35	3.169,80	64.489,07
	10. 2100. 0239. 0.	Camino de Maxais al Tarambollo (Couceiro) y o.	0,00	24.859,27	38.081,27	3.253,61	66.194,15
VILASANTAR	10. 2100. 0243. 0.	Ens.mej.caminos Armental,Vilarifo,Mezonzo,Seixo	0,00	38.110,56	58.380,59	4.989,00	101.480,15

- E por outra, aplícase a subvención estatal eliminada destas 31 obras por importe de 464.814,10 €, a outras 13 obras do plan que cumpren cos requisitos da achega municipal mínima obrigatoria do 5% e non chegan ao 50% de subvención estatal máxima, minorando na mesma medida a achega da Deputación con cargo a fondos propios.

Os datos de financiamento inicial destas 13 obras eran os seguintes:



Obras del POS - obras que absorben subvencion MPT en 3ª modificación: financiación inicial									
Ayuntamiento	Código de obra	Denominación	IMPORTES CON IVA AL 18%					TOTAL	
			ESTADO	DIP.PRESTAMO	DIP. FONDOS P.	AYUNTAMIENTO			
ARES	10 2100. 0011. 0.	Ampliación servicios y pavimentación Rúa María	18.738,26	37.597,32	38.894,17	7.128,41	102.358,16		
A BAÑA	10. 2100. 0019. 0.	Pav. vias pub. en Ordoeste, Corneira y Cabanas	13.998,73	28.087,70	29.286,27	18.650,01	90.022,71		
CAMBRE	10. 2100. 0044. 0.	Acond. caminos municipales en Amil y otros	0,00	0,00	393.874,25	35.624,93	429.499,18		
CERDIDO	10. 2100. 0062. 0.	Camino Covelo-Mestas-Santa Lucia (Casares) y o.	23.147,40	46.444,04	47.999,01	6.078,65	123.669,10		
COIRÓS	10. 2100. 0067. 0.	Ampliación saneamiento en Queirís y Os Chas	17.989,16	36.094,30	37.379,61	9.181,00	100.644,07		
CURTIS	10. 2100. 0085. 0.	Pav-pluviales Bouza,Cancela,Centeás,Couceiros y o.	23.962,90	48.080,29	49.761,93	10.461,47	132.266,59		
FERROL	10. 2100. 0092. 0.	Saneamiento en zona rural de Beleición y Mandiá	53.205,69	106.754,40	110.674,34	34.024,46	304.658,89		
LARACHA	10. 2100. 0105. 0.	Ampl. calzada y firme cm. Buenos Aires a Pereiro	15.102,18	30.301,73	31.846,14	34.699,40	111.949,45		
	10. 2100. 0106. 0.	Ampl. calzada y firme cm. ACC-552-Padronelo	14.601,03	29.296,19	30.789,35	33.547,92	108.234,49		
SADA	10. 2100. 0198. 0.	Pav. camino O Castro a Lubre (Prrq. de Osedo)	0,00	0,00	64.754,97	3.347,41	68.102,38		
TEO	10. 2100. 0220. 0.	Saneamiento en Castres, Oza (Teo)	10.480,94	21.029,44	21.772,28	5.000,00	58.282,66		
	10. 2100. 0222. 0.	Af. y acond.Cruce de Lañas-Bamonde-Lamas	22.757,51	45.661,74	47.259,91	10.000,00	125.679,16		
ZAS	10. 2100. 0252. 0.	Mej.capa rod. caminos.en Pazos,Roma,Brandomil	15.555,39	31.211,07	32.257,52	4.171,03	83.195,01		
TOTAL			229.539,19	460.558,22	936.549,75	211.914,69	1.838.561,85		

Unha vez aplicada a subvención estatal por importe de 464.814,10 € que se minorara ás 31 obras antes indicadas, o financiamento modificado destas 13 obras queda como segue:

Obras del POS - obras que absorben subvencion MPT en 3ª modificación: financiación modificada									
Ayto	Código de obra	Denominación	IMPORTES CON IVA AL 18%					TOTAL	
			ESTADO	DIP.PRESTAMO	DIP. FONDOS P.	AYUNTAMIENTO			
ARES	10 2100. 0011. 0.	Ampliación servicios y pavimentación Rúa María	51.179,07	37.597,32	6.453,36	7.128,41	102.358,16		
A BAÑA	10. 2100. 0019. 0.	Pav. vias pub. en Ordoeste, Corneira y Cabanas	43.000,00	28.087,70	285,00	18.650,01	90.022,71		
CAMBRE	10. 2100. 0044. 0.	Acond. caminos municipales en Amil y otros	145.192,18	0,00	248.682,07	35.624,93	429.499,18		
CERDIDO	10. 2100. 0062. 0.	Camino Covelo-Mestas-Santa Lucia (Casares) y o.	35.000,00	46.444,04	36.146,41	6.078,65	123.669,10		
COIRÓS	10. 2100. 0067. 0.	Ampliación saneamiento en Queirís y Os Chas	50.322,03	36.094,30	5.046,74	9.181,00	100.644,07		
CURTIS	10. 2100. 0085. 0.	Pav-pluviales Bouza,Cancela,Centeás,Couceiros y o.	56.639,99	48.080,29	17.084,84	10.461,47	132.266,59		
FERROL	10. 2100. 0092. 0.	Saneamiento en zona rural de Beleición y Mandiá	86.000,00	106.754,40	77.880,03	34.024,46	304.658,89		
LARACHA	10. 2100. 0105. 0.	Ampl. calzada y firme cm. Buenos Aires a Pereiro	46.000,00	30.301,73	948,32	34.699,40	111.949,45		
	10. 2100. 0106. 0.	Ampl. calzada y firme cm. ACC-552-Padronelo	45.000,00	29.296,19	390,38	33.547,92	108.234,49		
SADA	10. 2100. 0198. 0.	Pav. camino O Castro a Lubre (Prrq. de Osedo)	25.883,70	0,00	38.871,27	3.347,41	68.102,38		
TEO	10. 2100. 0220. 0.	Saneamiento en Castres, Oza (Teo)	26.227,19	21.029,44	6.026,03	5.000,00	58.282,66		
	10. 2100. 0222. 0.	Af. y acond.Cruce de Lañas-Bamonde-Lamas	53.093,15	45.661,74	16.924,27	10.000,00	125.679,16		
ZAS	10. 2100. 0252. 0.	Mej.capa rod. caminos.en Pazos,Roma,Brandomil	30.815,98	31.211,07	16.996,93	4.171,03	83.195,01		
TOTAL			694.353,29	460.558,22	471.735,65	211.914,69	1.838.561,85		

2.-Disponer a exposición pública mediante la inserción dun anuncio no BOP para los efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

Sr. presidente

Isto non se puido traer onte porque a última comunicación do Ministerio, dime o Interventor que se recibiu antonte, xa estaban as comisións feitas e a única forma era traelo aquí por vía de urxencia ao Pleno.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bos días a todas e a todos. Precisamente na liña de colaborar cos distintos concellos, como acaba de expor o presidente para aprobar a moción, a miña pregunta é sobre se a Deputación ten previsto cubrir dalgunha maneira, ou reforzar os concellos nos posibles plans de emerxencia para os cidadáns que se poidan dar ou que se están dando xa. Está claro que non podemos vivir fóra da realidade, non me acuse de vir sempre aquí co mesmo tema da crise, porque este realmente é o tema nesta provincia e en toda España, é unha verdadeira alarma deste país, e non é outra que as consecuencias para os cidadáns. Os nosos veciños necesitan solucións aos seus problemas e aínda que esta Deputación en moitas ocasións di que é a mellor das deputacións en contas, ten o mellor estado, a que mellor executa os investimentos, pero realmente onde acoden os veciños en momentos de emerxencia é ao seu concello.

Hai uns días, no Pleno de outubro, cando trouxo unha moción tamén de urxencia sobre a necesidade dos concellos non se votou a urxencia, e hoxe, á vista de que 4.000 persoas desempregadas se van quedar sen ningún tipo de prestación nos próximos meses o PP entende que hai que apoiar a estes concellos, que poden ter

problemas para cubrir os seus plans de emerxencias propios e que quizais a Deputación ten que estar neste momento máis preto deles. O que pedimos non é nada fútil, todo o contrario, é algo moi importante, e a sensibilidade necesaria para iso gustaríanos que partise desta Deputación.

Pregunto se está contemplado este aspecto, porque aínda que sempre se me contesta co mesmo, que hai suficientes plans, que os concellos poden acudir a esta Deputación, esta é unha necesidade de emerxencia prevista xa e non todos os concellos teñen o suficiente diñeiro para mesmo neste momento pagar as necesidades máis normais. A nosa participación desde a oposición non é, desde logo, que pasemos por aquí sen falar do que lles fai falta aos cidadáns, queremos achegar solucións e entendemos, en calquera caso, que a Deputación debería ter previsto algún tipo de reforzo para estes plans específicos de emerxencia aos concellos, e aos cidadáns dos concellos, emerxencia podemos estar a falar desde temas de saúde, temas escolares, temas de alimentación, é dicir, o que son temas de supervivencia, e esta sería a nosa pregunta.

Ademais aproveitar para felicitar o Nadal a todos os aquí presentes, e en calquera caso que se pase o mellor Nadal posible.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González. Eu pódolle dicir que a Deputación manifestou sempre unha extrema sensibilidade polas cuestións sociais, de feito neste orzamento rebáixanse e altéranse as previsións para cultura, deportes, promoción económica e mantéñense, mesmo se incrementan, as partidas para servizos sociais. Antes de que ninguén fíxese nada, esta Deputación acordou, por unanimidade, subvencionar ás Cociñas Económicas de Ferrol, de Santiago e da Coruña, e os concellos colaboramos... non faga vostede así, que si, non, non, si, coa Cociña Económica da Coruña, de Santiago e de Ferrol, e démoslles para o que eles quixeron. E a Deputación colabora con todos os concellos da provincia no mantemento dos servizos sociais, e seguiremos colaborando con eles, e temos unhas liñas de subvención aberta para as entidades sen ánimo de lucro que estamos a atender na medida do posible a todos. E a medida que vaia pasando o tempo a Deputación irá colaborando cos plans que saque a Xunta de Galicia para estes temas, que é a que ten a competencia en materia de servizos sociais e educación. Nós seguiremos mostrando a nosa sensibilidade, seguiremos mostrando o noso apoio aos concellos e ás entidades, e cando a Xunta asuma as súas responsabilidades, nós estudaremos a posibilidade de participar e ver como axudamos a completar eses plans da Xunta de Galicia.

Algunha pregunta máis? Este é o último Pleno do ano, se pode ser que veña un pouco mellor. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.